

# POLÍTICA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE



## Descontos para Persoas con Discapacidade

En NAVIERA MAR DE ONS, estamos comprometidos coa mobilidade de tódalas persoas. Se tes unha **discapacidade igual ou superior ao 33% e podes acreditarla, ti e o teu acompañante** teredes un desconto nas nosas **tarifas con destino ás Illas Cíes** dun **20%**.

## Venda de Billetes

Este desconto está dispoñible nos nosos despachos de venda de billetes, chamando ao teléfono +34 986 22 52 72 e a través do enderezo electrónico [administracion@mardeons.com](mailto:administracion@mardeons.com)

### ¿ Que tes que facer para obter este desconto para viaxar ás Illas Cíes?

Toda persoa que dispoña dun certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá poñerse en contacto con Navieira Mar de Ons S.L. **antes de realiza-la reserva, onde che atenderemos de forma personalizada**. Para iso deberás enviarnos un email a [administracion@mardeons.com](mailto:administracion@mardeons.com). Unha vez recibido o email poñerémonos en contacto para informarche do desconto do que che poderás beneficiar e ofrecerche unha atención individualizada pues ademais necesitamos coñecer se a discapacidade é física e/ou motriz e precisas de desprazamento en cadeira de rodas.

É importante que che poñas en contacto con tempo suficiente para xestionar a túa viaxe, sobre todo se pretendes viaxar en tempada alta, debes ter en conta que as Illas Cíes, son un espazo natural protexido que contan cun límite diario de visitas. **A reserva non se garante ata que as autorizacións sexan xestionadas.**

## Asistencia e Xestión da túa Viaxe

Para poder retirar os teus billetes nos nosos puntos de venda e/ou embarque **debes presentar a túa acreditación de discapacidade** igual ou superior ao 33%.

É importante que 48 horas antes da vosa viaxe poñádesvos en contacto connosco vía email en [administracion@mardeons.com](mailto:administracion@mardeons.com) indicando o voso localizador para brindarche o mellor servizo no embarque e desembarque xa que, algunhas instalacións portuarias dispoñen dun interface peirao-porto,

que ante determinadas condicións de marea, poden imposibilitar o uso de escada ou rampla dificultando e non garantindo a seguridade no acceso para PMR, nese caso devolverase o prezo íntegro dos billetes.

### **¡Mais descontos!**

Non te esquezas de que se viaxas en grupo e pertences a unha asociación ofrecemos maiores descontos para colectivos, podes consultar máis información aquí: <https://www.mardeons.es/gl/viaxes-para-grupos/> ou poñerche en contacto connosco no seguinte enderezo electrónico [comercial@mardeons.com](mailto:comercial@mardeons.com).

Naviera Mar de Ons conta tamén cun departamento específico para Grupos e Empresas que se encarga de xestionar as viaxes en grupo.